

LINGUA GALEGA 3º

Ortografía

1.-O **punto** (.) é o signo de puntuación que indica unha pausa ao final dunha oración.

Hai tres tipos de puntos:

O **punto e seguido** utilízase para separar oracións dentro dun mesmo parágrafo.

O **punto e á parte** usámolo para separar dous parágrafo diferentes.

O **punto final** utilízámolo para indicar o final do texto.

2.-A coma (,) indica unha pausa máis curta cá do punto.

3.- O **signo de interrogación (?)** utilízase para preguntar , e o **signo de exclamación (!)** para expresar sorpresa, alegría, terror...

4.- **Palabras con h**

Harmonía, helicóptero, hipopótamo, hora.

horror, humano, humilde, hospital.

5.-**Palabras con R e RR**

O **son forte** do erre escríbese con **r-** ao principio de palabra ou sílaba e **-rr-** entre dúas vogais.

O **son suave** do erre escríbese con **-r-** entre vogais ou **-r-** ao final de palabra.

6.- **Palabras con Za, ce, ci, zo, e zu.**

Escríbese sempre **z** diante de **a, o, u.**

Escríbese sempre **c** diante de **e, i.**

7.- **Palabras con ca, que, qui, co e cu.**

Escríbese **c** diante de **a, o, u.**

Escríbese **qu** diante de **e, i.**

8.- Escríbense con **b** os verbos rematados en **-bir** e **-buír** agás **servir, vivir e vir.**

9.- **Palabras con ga, gue, gui, go, gu, güe, güi.**

Diante de **a, o, u** escribimos **g** (*gato, gota, gusto*).

Diante de **e, i** escribimos **gu** (*xoguete, guitarra*).

Para pronunciar o u en **gue, gui** escribimos dous pontiños (**ü**) que se chaman **diérese**. Ex.: *pingüín*.

10.- **Palabras con X e S.**

Aprendemos a escribir os dous sons da letra X. Ex.: *sexta, xesta*.

11.- **A sílaba.**

A **sílaba** é o son ou grupo de sons que pronunciamos en cada golpe de voz nunha palabra.

- As palabras **monosílabas** teñen unha soa sílaba: *Sol*
- As palabras **bisílabas** teñen dúas sílabas: *ro-bot*.
- As palabras **trisílabas** teñen tres sílabas: *se-gui-do*.
- As palabras **polisílabas** teñen máis de tres sílabas: *pe-que-rre-cho*.

O dígrafo **nh** non se pode separar.

12.- Separación de palabras ao final de liña.

Cando se parte unha palabraponse un guión (-) e escribimos na seguinte liña.

Non se debe escribir unha vogal soa nin ao principio ni ao final da liña.

13.- **A sílaba tónica e a sílaba átona.**

A **sílaba tónica** é a que pronunciamos con máis forza encada palabra. EX:ca-**lor**

A **sílaba átona** pronúnciase con menos intensidade.EX: **xor**- nal

14.- **Clasificación das palabras polo acento.**

- **Agudas**: cando a sílaba tónica é a última.
- **Graves**: cando a sílaba tónica é a penúltima.
- **Esdrúxulas**: cando a sílaba tónica é a antepenúltima.

15.- O acento e as regras de acentuación.

A raia inclinada que se coloca sobre algunhas palabras chámase **acento gráfico**.

- As palabras **agudas** levan acento gráfico cando rematan en **vogal, -n, -s ou -ns**.

avó, irmán, patíns.

- As palabras **graves** levan acento gráfico cando rematan en **consoante** que non sexa **nin -n, nin -s**:
hámster, álbum...
- As palabras **esdrúxulas** acentúanse **todas**: *plátano, prismáticos.*

Gramática

1.-O **nome** é unha palabra que serve para identificar as persoas, outros seres vivos e as cousas.

Os nomes ou substantivos poden ser:

- **Comúns:** Nomean calquera ser ou cousa: *conto, outono*.
- **Propios:** Nomean unha persoa, ser vivo ou cousa para distinguilo dos demais: *Manuela, Viloira, Sil*. Os nomes propios escríbense con maiúscula inicial.

2.-O **xénero dos nomes ou substantivos:**

Os nomes de **xénero masculino** poden levar diante as palabras **O, OS, UN, ou UNS**.

Os nomes de **xénero feminino** poden levar diante as palabras **A, AS, UNHA, UNHAS**.

3.-O **número dos substantivos:**

Un nome ou substantivo está en **singular** cando se refire a unha soa persoa, ser vivo ou cousa.

Un nome ou substantivo está en **plural** cando se refire a varias persoas, seres vivos ou cousas.

4.- Os **adxectivos** acompañan aos nomes e dinnos como son ou están os seres ou cousas.

5.- **Concordancia de nomes e adxectivos.**

Os adxectivos teñen o **mesmo xénero e o mesmo número** có nome ao que acompañan, isto é, concordan en xénero e número.

6.- **O artigo e as súas contraccións.**

O **artigo** é unha palabra que vai diante do nome e ten o seu mesmo xénero e número. Son:

ARTIGOS	Masculino		Feminino	
Singular	o	un	a	unha
Plural	os	uns	as	unhas

Cando un artigo está unido con outras palabras forman **contraccións:**

CONTRACCIÓNS	Masculino		Feminino	
	o	os	a	as
A	ao	aos	á	ás
De	Do	Dos	Da	Das
En	No	Nos	Na	nas
Con	Co	Cos	Coa	Coas
Por	Polo	Polos	Pola	polas

CONTRACCIÓNS	Masculino		Feminino	
	Un	Uns	Unha	unhas
De	Dun	Duns	Dunha	dunhas
En	Nun	Nuns	Nunha	nunhas
Con	Cun	Cuns	Cunha	Cunhas

7.- O verbo. O infinitivo.

Os **verbos** son palabras que indican o que fan as persoas, os animais ou as cousas. Expressan accións e sucesos.

O **infinitivo** identifica ou dalle nome a un verbo.

As terminacións do infinitivo indican a conxugación á que pertencen:

- **1ª conxugación:** verbos que rematan en **-ar**.
- **2ª conxugación:** verbos que rematan en **-er**.
- **3ª conxugación:** verbos que rematan en **-ir**.

8.- Os tempos verbais.

Pasado, presente e futuro son tempos verbais.

9.- A persoa a número dos verbos.

As formas verbais teñen **persoa e número (singular ou plural)**.

- Verbos en **primeira persoa:** *eu conto, nós contamos.*
- Verbos en **segunda persoa:** *ti contas, vós contades.*
- Verbos en **terceira persoa:** *el/ela conta, eles, elas contan.*

10.- Os pronomes persoais.

Son palabras que serven para **substituír os nomes**.

Pronomes persoais	Singular		Plural	
	Masculino	Feminino	Masculino	feminino
Persoas				
Primeira	Eu		nós	
Segunda	Ti		vós	
Terceira	El	ela	Eles	Elas

As **formas de respecto** dos pronomes persoais son **vostede e vostedes**.

11.- A conxugación verbal

A **conxugación** é o conxunto de todas as formas dun verbo: os tempos, as persoas e os números.

12.- A análise morfolóxica.

A **análise morfolóxica** consiste en dicir que clase de palabras hai nunha oración ou texto e que características teñen.

13.- O enunciado.

O **enunciado** é unha palabra ou grupo de palabras coa intención de comunicar algo.

Ex: Tes que subir á gabia. Martiño, por Deus.

14.- A oración: suxeito e predicado.

As partes da oración adoitan ter este orde: suxeito + predicado.

A **oración** é un enunciado que ten un verbo conxugado.

O **suxeito** é a parte da oración que nos di quen fai unha acción ou de quen se di algo.

O **predicado** é a parte da oración que nos di o que fai ou como é suxeito.

Vocabulario

1.-Palabras primitivas e derivadas.

Ex.:Flor é primitiva, e desflorar é derivada.

2.-Os prefixos.

Os prefixos engádense ao principio das palabras para formar outras con significado diferente.

Cando usamos os prefixos des- e in- convertemos as palabras en contrarias.

3.- Os sufixos.

Os sufixos engádense ao final das palabras para dar información.

-iño, iña converten o significado da palabra en algo pequeno ou agarimosos.

Son sufixos diminutivos.

-ón, -ona, -azo, aza converten o significado das palabras en algo máis grande.

Son sufixos aumentativos.

4.- Os xentilicios son os adxectivos que indican o lugar de nacemento das persoas ou a súa nacionalidade.

5.- As palabras compostas son aquelas que están formadas por dúas palabras simples: xirasol, crebanoces.

6.- Familia de palabras.

O conxunto de palabras derivadas dunha primitiva forman unha familia de palabras.

Ex.: Baño, bañeira, bañista, bañador.

7.- Campo semántico.

Un campo semántico é un conxunto de palabras que se relacionan ou fan referencia a un mesmo tema.

Ex: C. Semántico de pezas musicais:

alboradas, pasodobres, pandeiradas, alalás, muiñeiras, pasacalles.

8.-Palabras sinónimas.

As palabras que teñen o mesmo ou un significado semellante chámanse sinónimas.

Ex: coche, vehículo.

9.- Palabras antónimas.

As palabras que teñen un significado oposto unha da outra chámanse palabras antónimas.

Ex.: día/ noite aberto/pechado grande/pequeno.

10.- As palabras polisémicas son aquelas que teñen máis dun significado. Ex.:Planta

11.- As palabras homónimas pronúncianse igual pero teñen distinto significado. radio/radio

Ás veces, as palabras homónimas escríbense igual pero outra veces pódense escribir de xeito diferente. voas/boas. basto/vasto.

12.- As abreviaturas.

A **abreviatura** é a representación dunha palabra por unha ou algunha das súas letras seguidas dun punto.

m. - masculino	s. - singular	dta. - dereita
f. - feminino	pl. - plural	esq. - esquerda
núm. -número	avda. - avenida	pr. -praza

13.-As siglas

As **siglas** son abreviaturas de grupos de palabras que se forman utilizando as letras iniciais de cada palabra do grupo.

Ex.: **RAG**-----Real Academia Galega

ONU--- Organización das Nacións Unidas

ESO---- Educación Secundaria Obligatoria

DNI-----Documento Nacional de Identidade

14.- As onomatopeias

As **onomatopeias** son as palabras que imitan sons. Ex.: quiquiriquí, pio-pio

Tipos de textos:

1.- Textos narrativos.

conto: Narración dun suceso inventado.

2.-Os textos normativos.

Os **textos normativos** dan normas ou instrucións sobre como actuar nun determinado lugar ou situación.Ex.: normas de conduta.

3.- O diálogo.

O **diálogo** é unha comunicación falada ou por escrito entre dúas ou máis persoas.

Cada vez que empeza a falar alguén nun textoponse unha **raia (-)** e cando remata a oraciónponse punto e á parte.

4.- Textos poéticos.

Cada unha das liñas dun poema é un **verso**. Varios versos agrupados forman unha **estrofa**. Cando as últimas palabras de dous ou máis versos soan parecido dicimos que **riman**.

5.- Textos instrutivos.

Os **textos instrutivos** danos pasos que hai que seguir para facer algunha cousa.

6.- A noticia.

A **noticia** é información sobre acontecementos da actualidade. Toda noticia leva un título que se chama "titular".

Debe responder as seguintes preguntas:

- Que pasou?
- Cando pasou?
- Onde pasou?
- A quen lle pasou?

7.-A banda deseñada

O **comic** ou **banda deseñada** é unha historia narrada mediante debuxos e palabras, e normalmente é divertida.

Representase nuns recadros chamados **viñetas**.

Os **bocadillos** é onde aparece o que pensan ou din os personaxes do comic.